

ACTA DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2006

Ás 10:00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **ANEXO II**. Desculpan a súa asistencia os Sres. Casteleiro Maldonado, Graña López, Faiña Medín e a Sra. Herrero López.

1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor comeza a súa intervención informando da proposta do Ministerio de Educación e Ciencia sobre a organización dos ensinos universitarios en España do 26 de setembro de 2006 e da súa análise na reunión sectorial da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), e fai especial énfase na intención que ten o Ministerio de Educación e Ciencia de cumprir os prazos marcados no calendario previsto na citada proposta. Igualmente, o Sr. Reitor, despois de dar conta do cambio de denominación do Instituto Nacional de Educación Física (INEF) da Universidade da Coruña, que pasa a se chamar formalmente Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física, informa do protocolo xeral por que se establece a colaboración entre a Consellaría de Innovación e Industria e a Universidade da Coruña para a formación dun viveiro de empresas TIC e do convenio de colaboración formalizado entre a Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña para a realización de actuacións orientadas ao desenvolvemento do *software* libre en Galicia. Dá conta da resolución do 26 de setembro de 2006 por que se fai pública a composición da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), en que está representada a Universidade da Coruña a través do Sr. Martínez Ansemil, profesor da área de Zooloxía; tamén dos cesamentos e dos nomeamentos propiciados pola nova composición da Comisión Ética e Ensaio Clínicos nos termos que se detallan no **ANEXO III**. Por último, informa da vacante cuberta no Consello Social da Universidade da Coruña polo nomeamento do Sr. Pérez Torres.

O Sr. Reitor, despois de xustificar a ausencia da vicerreitora de Investigación, informa, en nome desta, da proposta de resolución das axudas a grupos de investigación consolidados, da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. A Universidade da Coruña rexeita de plano esta proposta, por estar asentada nunha filosofía claramente discriminatoria; por esta razón a Universidade da Coruña xa llo formulou nun voto particular, duro mais totalmente xustificado, nas sesións de elaboración que para tales efectos convocara a Consellaría de Educación e que se fixo chegar, tamén, á propia conselleira, a Sra. Sánchez Piñón.

O Sr. Reitor quere aproveitar este punto da orde do día para expresar aquí o pesar da Universidade da Coruña polo falecemento dos profesores Cipriano Dobarro Montero e José Ángel Fernández Roca.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa do feito de que, desde o anterior Consello de Goberno, a Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica imputou ao exercicio en curso as

obrigas que se xeraron no exercicio 2005 por importe de 20.573,34 euros, de acordo co parágrafo primeiro da base 9ª.2 do orzamento e despois dos informes favorables do Servizo de Control Interno. Pola súa parte, a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno, de acordo co parágrafo segundo da base 9ª.2 do orzamento e tras os informes favorables do Servizo de Control Interno validou os expedientes de gasto e a correspondente imputación destes a créditos de 2006 de obrigas xeradas por importe de 776.625,65 euros na súa sesión do dezaioito de xuño.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, que centra a súa intervención no viveiro de empresa da Universidade da Coruña, cuxa creación se destina a iniciativas empresariais de base tecnolóxica que xurdan dos membros da comunidade universitaria (PDI, PAS ou ben estudantado), para dotar estas iniciativas dos espazos e dos servizos que permitan a súa posta en marcha e a súa entrada no mercado. Comeza a súa intervención indicando que, desde o inicio das actividades no viveiro de empresas da Universidade da Coruña o día 1 de outubro de 2004, pasaron polos sete locais dispoñibles, que se sitúan no Edificio dos Servizos Centrais de Investigación, ata un total de once empresas, que foron admitidas en diferentes convocatorias ao longo deste tempo. Tamén sinala que o pasado día 1 de outubro, a data de remate do prazo máximo de dous anos que se lles deu ás primeiras empresas instaladas no viveiro para a súa estadía, quedaban da primeira etapa tres empresas (CRM: Enxeñería e Innovación Tecnolóxica, Lambdastream, a que hai que felicitar por ter sido seleccionada a nivel estatal como unha das 16 mellores *spin-off* tecnolóxicas no 5º Foro NEOTEC promovido polo CDT e, finalmente, NomaSystems). Ademais, existen outras tres empresas de máis recente instalación (FISMARE. Innovación para a sostenibilidade, Trabe Solucións e Invesga, que están no período previo á presentación do plano de viabilidade empresarial, que lles corresponde presentar en xaneiro do 2007). Igualmente informa de que un dos espazos do viveiro está baleiro debido a que unha das empresas instaladas, tamén desde o comezo, AUGANOSA, decidiu abandonar o viveiro este pasado verán (esta empresa, AUGANOSA, e mais CRM estiveron acollidas ao programa Empresa-Concepto). Continúa a súa intervención indicando que se abriu unha nova convocatoria para solicitar o acceso ao viveiro de empresas da UDC para cubrir os catro espazos que están dispoñibles e que se pode obter máis información na páxina web da OTRI da nosa universidade. Conclúe a súa intervención salientando que, dentro das actividades da cátedra Caixa Galicia, figura un premio para a mellor empresa de base tecnolóxica xurdida na UDC.

Unha vez concluída a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Profesorado, quen informa das prazas convocadas polo procedemento de urxencia desde o anterior Consello de Goberno e que se relacionan no **ANEXO IV**. Igualmente, dá conta da inminente publicación no Diario Oficial de Galicia do Convenio colectivo do persoal docente e investigador das universidades públicas de Galicia, que foi asinado a finais do curso pasado, e da orde que regula os complementos retributivos autonómicos de calidade docente e investigadora e por cargos de xestión, cuxa convocatoria aparecerá publicada aproximadamente nunha semana. Remata a súa intervención indicando que o luns pasado houbo unha reunión previa para acordar os termos da

constitución da mesa sectorial de universidades do sistema universitario galego que terá lugar os próximos días.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estudantes. Co obxecto de recoñecer o esforzo e a dedicación dos estudantes que alcanzasen uns resultados académicos excelentes no seus estudos de bacharelato, para premiar aqueles que teñan os mellores expedientes académicos e que formalizaren a súa matrícula en calquera das titulacións oficiais que se imparten nos centros propios da Universidade da Coruña, o Sr. Vicerreitor dá conta da convocatoria, con data 9 de outubro, da 2ª edición de premios Universidade da Coruña á excelencia académica no bacharelato, cuxo prazo de presentación de solicitudes remata o vindeiro 31 de outubro e que rexistran como novidade principal (algo que os membros deste consello xa coñecen) que estes premios se concederán por titulación, polo que se poderán acadar ata un máximo de 43 premios. En relación con estas accións, que se encamiñan a primar o esforzo e a dedicación do estudiantado, e dentro do programa “O teu futuro en boas mans”, o Sr. Vicerreitor de Estudantes informa de que nos próximos días se publicará a primeira convocatoria de axudas da Universidade da Coruña para os estudantes gañadores das Olimpíadas de Bioloxía, Física, Matemáticas e Química, e que poden concorrer a ela tanto os gañadores como os clasificados nos segundos e nos terceiros postos nas fases local ou autonómica destas Olimpíadas, que se matricularen na Universidade da Coruña. Despois de agradecer á Facultade de Ciencias e, particularmente, ao seu decano a axuda e todas as suxestións feitas para facer realidade este interesante proxecto, o Sr. Vicerreitor de Estudantes informa, igualmente, da convocatoria das bolsas da Cátedra Fundación María José Jove da Universidade da Coruña para alumnado con necesidades educativas especiais que, por terceiro ano consecutivo, apoia o estudiantado con discapacidade e que se consolidan, xa que logo, dentro das bolsas propias da nosa universidade. Con respecto a esta temática, dá conta de que a Consellaría de Educación se sumará ás institucións e aos organismos que prestan axuda neste importante ámbito, a través dun convenio que está en fase de elaboración e que será asinado en breve por ambas as institucións. En materia de transporte, sinala que se ten aberto o prazo para solicitar a tarxeta bono-bus universitario nos campus da Coruña, en que se ofrecerá información a través da Vicerreitoría de Estudantes sobre as bolsas e as axudas nos monitores de todos os autobuses urbanos, e de Ferrol. Tamén sinala que, no mes de novembro, se vai celebrar unha reunión co delegado da Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, co director provincial de Transportes e co estudiantado que utiliza a liña de autobús Coruña-Ferrol e Ferrol-Coruña, sempre co obxectivo de procurar unha solución axeitada ás deficiencias que se presentan na prestación do servizo. Remata a súa intervención sinalando que convocaron as tradicionais bolsas de colaboración da Universidade da Coruña, quer nos centros quer nos departamentos, e que se incrementa nun 10 por cento o número de bolsas convocadas para este curso académico.

O Sr. Reitor remata este punto da orde o día dándolle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental, quen informa do inicio do procedemento de expropiación para a construción dunha área residencial universitaria e do aumento da superficie expropiatoria por causa do incremento orzamentario previsto inicialmente.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, QUE TIVO LUGAR O DÍA 20 DE XULLO DE 2006

Apróbbase por asentimento a acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno do día 20 de xullo de 2006.

3. CONVENIOS E CONTRATOS

O Sr. Secretario Xeral informa sobre os 49 convenios que figuran no **ANEXO V**, que se clasifican en convenios marco (un total de 8), convenios específicos (un total de 30) e convenios para prácticas (un total de 11) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos requiridos para a súa aprobación polo Consello de Goberno.

Os convenios en cuestión, que figuran no citado **ANEXO V**, son **aprobados** por asentimento.

4. CONVOCATORIA DE ELECCIÓN A ÓRGANOS COLEXIADOS

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral para que informe sobre este punto concreto da orde do día. O Sr. Secretario Xeral dá conta ao Consello de Goberno dos trámites legais que se esixen polo Regulamento electoral xeral da Universidade da Coruña para proceder á convocatoria de eleccións a órganos colexiados por resolución reitoral. Un deles é o relativo á aprobación do calendario por parte da Comisión Electoral Xeral, que para este proceso electoral en concreto foi aprobado pola Comisión Electoral Central na súa sesión do 11 de outubro de 2006 nas condicións en que figura no **ANEXO VI**. O outro trámite é o relativo ao correspondente acordo de Consello de Goberno, que xustifica este punto da orde do día.

O Sr. Reitor tamén intervén aquí para incidir no calendario electoral que se ten aprobado na Comisión Electoral Central, que se elaborou pensando sempre na participación de todos os sectores da comunidade universitaria, especialmente no relativo ao estudiantado.

A convocatoria das eleccións a órganos colexiados da Universidade da Coruña, tal e como figura no **ANEXO VI**, **apróbbase** por asentimento.

5. MESTRADOS, POSGRAOS E TÍTULOS PROPIOS

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa das propostas de modificación dos mestrados, dos posgraos e dos títulos propios que figuran no **ANEXO VII**.

Despois dunha quenda de intervencións, en que participan os Sres. Fernández Cervantes e Simón López, **apróbanse** por asentimento as propostas de modificación, aínda que no caso do Mestrado en Banca e Mercados Financeiros acórdase remitir a solicitude á Comisión de Posgraos Oficiais. No caso do Mestrado en Valoración de Discapacidades, do Dano Corporal e da Dependencia non se acepta a solicitude de modificación. E no caso do Mestrado en Dirección Integrada de Proxectos e

Construción a aprobación da solicitude de modificación está condicionada a que a dirección do mestrado achegue a documentación esixida.

6. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DO REGULAMENTO DE ESTUDOS DE POSGRAO PROPIOS

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica dá conta do Regulamento de estudos de posgrao propios, que figura no **ANEXO VIII** e que foi presentado en tempo e en forma nesta sesión do Consello de Goberno, tal e como se tiña acordado noutras sesións deste Consello de Goberno. Despois de explicar o seu proceso aberto e participativo de elaboración e as principais características do seu contido, a Sra. Vicerreitora de Investigación tamén detalla as propostas de mellora desta normativa que formularon algúns membros do Consello de Goberno.

O Regulamento de estudos de posgrao propios, coas súas propostas de mellora incorporadas, **apróbbase** por asentimento dos membros do Consello de Goberno tal e como figura no **ANEXO VIII**.

7. RECURSO DE REPOSICIÓN Á PROPOSTA CONTRA O ACTO DE APROBACIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO, CON DATA 21 DE SETEMBRO DE 2005, DE CONCESIÓN DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO

Continúa no uso da palabra a Sra. Vicerreitora de Organización Académica para dar conta ao Consello de Goberno do recurso de reposición interposto por dona Ana Belén Porto Pazos contra o acto de aprobación do Consello de Goberno da Universidade da Coruña, con data 21 de setembro de 2005, de concesión dos premios extraordinarios de doutoramento, e en que se solicita que sexa revisada a concesión da mención que quedou deserta do Premio Extraordinario de Doutoramento en Informática a que ten optado en tempo e en forma, en tanto que a produción científica que deriva da súa tese de doutoramento é suficientemente relevante por si propia, e en comparación coas da súa área e coas doutras áreas de coñecemento, como para acceder á mencionada distinción.

Ao ter en conta o expediente administrativo, en que non se aprecia ningunha irregularidade na actuación do tribunal do Premio Extraordinario (titulación de acceso: licenciatura en Informática), o Consello de Goberno da Universidade da Coruña **aproba** por asentimento desestimar o recurso de reposición presentado por dona Ana Belén Porto Pazos.

8. MODIFICACIÓN DA NORMATIVA DE QUINQUENIOS

O Sr. Vicerreitor de Profesorado toma a palabra para propor aos membros do Consello de Goberno a modificación da normativa de quinquenios da nosa universidade nos termos que aparecen recollidos no **ANEXO IX**, que trae causa da necesidade de garantir que a regulación da avaliación dos méritos docentes da cada unha das tres universidades galegas, respectando, loxicamente, as súas respectivas autonomías e

peculiaridades, estea inspirada nuns mesmos principios, de tal forma que a concorrência do profesorado universitario galego se realice sempre en igualdade de condicións. Trátase dunha modificación promovida por instancia da Mesa Sectorial de Universidades do Sistema Universitario Galego e que ten como finalidade principal a de incluír o período de colaboración docente das persoas titulares, no seu día, de bolsas de formación de persoal investigador, ou análogas, no cómputo dos cinco anos esixidos para se beneficiaren do compoñente retributivo por méritos docentes.

A modificación en cuestión, nos termos indicados no **ANEXO IX**, **apróbbase** por asentimento polos membros do Consello de Goberno.

9. APROBACIÓN DOS TRIBUNAIS DAS PRAZAS DOS CONCURSOS DE ACCESO

O Sr. Vicerreitor de Profesorado dá conta aos membros do Consello de Goberno da relación dos tribunais das prazas dos concursos de acceso que se detalla no **ANEXO X**, que é **aprobada** por asentimento.

10. LICENZAS PARA OS EFECTOS DE DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre a solicitude de licenza para os efectos de docencia e de investigación para a realización de actividades investigadoras de D. Jesús Vilares Ferro (departamento de Computación da Facultade de Informática), do 26 de setembro de 2006 ata o 26 de marzo de 2007 (estadía na *School of Computing and Technology, University of Sunderland* - Reino Unido), que foi informada favorablemente pola COAP.

Apróbbase por asentimento a licenza, cuxos detalles se recollen no **ANEXO XI**.

11. CAMBIO DE ÁREAS DE COÑECEMENTO

O Sr. Vicerreitor de Profesorado dá conta da solicitude de cambio de área de coñecemento, que formalizou D. José Antonio Seijas Macías, profesor no departamento de Economía Aplicada II (de Economía Aplicada a Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa), que foi informada favorablemente pola COAP.

Apróbbase por asentimento informar favorablemente a solicitude formalizada de cambio de área de coñecemento, cuxos detalles figuran no **ANEXO XI**.

12. VENIAS DOCENTES

O Sr. Vicerreitor de Profesorado dá conta das solicitudes de concesións de venias docentes formalizadas polas Sras. Romaní de Gabriel (Escola Universitaria de Relacións Laborais), Dacal Pérez (Escola Universitaria de Enfermaría) e González Díaz (Escola Universitaria de Enfermaría), que contan co informe preceptivo dos departamentos correspondentes.

As venias docentes en cuestión **apróbbase** por asentimento tal e como figuran no **ANEXO XI**.

13 APROBACIÓN, SE PROCEDER, DOS REGULAMENTOS INTERNOS DA FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E DA EDUCACIÓN FÍSICA, DO DEPARTAMENTO DE FÍSICA, DO DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA ESPAÑOLA E LATINA, DO DEPARTAMENTO DE PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA E DO DEPARTAMENTO DE DIDÁCTICAS ESPECÍFICAS

Tras a intervención do Sr. Secretario Xeral, que dá conta dos cinco regulamentos internos que se someten á aprobación dos membros do Consello de Goberno e que cumpren todos os trámites esixidos para este fin, **apróbase** por asentimento a relación de regulamentos de réxime interno que figura no **ANEXO XII**.

14. QUENDA ABERTA DE INTERVENCIÓNS

O Sr. Reitor toma a palabra para informar de que haberá unha convocatoria extraordinaria de sesión do Consello de Goberno no mes de novembro co fin de informar favorablemente sobre as propostas de programas oficiais de posgrao para o curso académico 2007/2008.

Toma a palabra a Sra. González Veira para expresar en nome dos Comités Abertos de Facultade (CAF) que, aínda que respectan en todo momento a liberdade de cátedra do profesor doutor Portero Molina, non comparten o que manifestou na apertura do curso académico, a propósito de que Galiza non é unha nación, por entenderen que si o é.

Toman a palabra as Sras. Rodríguez Amoroso e Canosa Ferrío para expresaren en nome da agrupación Iniciativa Estudantil Galega (IESGA) o seu malestar polo comezo anticipado do curso académico na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, ao teren en conta que este feito non só implica infrinxir o calendario académico aprobado para tales efectos por este Consello de Goberno, senón que tamén ocasiona moitos prexuízos ao estudantado do centro en cuestión. O Sr. Reitor tamén intervén para indicar que xa solicitou explicacións sobre as razóns deste adianto á dirección do centro e que vai tomar todas as medidas necesarias para que se cumpra o calendario académico que aprrobe o Consello de Goberno e para que non se repitan situacións como esta.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Gayán para sinalar, a propósito da intervención da Sra. González Veira que se pode compartir ou non a intervención do Sr. Portero Molina, catedrático de Dereito Constitucional na Facultade de Dereito, mais que, en todo caso, hai que respectar as liberdades de cátedra e de expresión desde as que se fixo a intervención do citado profesor. Segue co uso da palabra para indicar que, en ocasións, chega ao seu centro documentación de diferentes servizos da nosa universidade sen rexistro, isto é algo que se debería evitar porque en moitos casos as cuestións sobre as que trata esta documentación semellan esixir, por seguridade xurídica, tales requisitos formais. Conclúe a súa intervención para solicitar información sobre os gastos de mantemento que xera cada centro e o seu respectivo financiamento, unha razón pola que tamén intervén o Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental para explicar como se reparten os gastos en cuestión.

Toma a palabra o Sr. Navarrina Martínez, que, despois de amosar tamén a súa preocupación pola última convocatoria de axudas para grupos de investigación consolidados da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, entende que se debe felicitar o profesor doutor Portero Molina pola súa intervención na apertura do curso académico, con independencia de que se comparta ou non a súa intervención, na medida en que se axustou en todo momento ao esixido universitariamente neste tipo de actos.

O Sr. Valderruten Vidal pide a palabra para insistir na necesidade de que se acelere a adopción de todas as medidas que sexan necesarias para pór fin aos problemas de espazo que existen na Facultade de Informática, que se está a agravar por causa da incorporación de novo persoal docente e investigador. Conclúe a súa intervención para solicitar que tamén se adopten as medidas para permitir que os estudantes de primeiro ciclo que acaban de chegar poidan ser usuarios nas mesmas condicións que os outros estudantes dos servizos bibliotecarios, que é algo que, en ocasións, crea problemas, se temos en conta que a súa incorporación nas bases de datos correspondentes semella non ser inmediata. En resposta a esta última parte da súa intervención, fala o vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea para lle indicar que estes problemas relacionados coas bibliotecas son causa principalmente, segundo explican os responsables informáticos, da posta en marcha dun novo sistema para o empréstito, que xa está en funcionamento.

O Sr. Cao Abad, despois de insistir tamén na solución dos problemas de espazo a que antes facía alusión o Sr. Valderruten Vidal, centra a súa intervención na necesidade de que se adopten medidas para evitar os erros rexistrados no correo electrónico por causa da nova aplicación informática de que falaba antes o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, e de que tamén se actualice o directorio de teléfonos e de correos electrónicos que figura na páxina web da nosa universidade. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea sinala que xa se están adoptando de oficio as medidas que o Sr. Cao Abad solicita neste sentido.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:40 horas. De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e praxe do Sr. Presidente.

V. e Pr.

O PRESIDENTE

José María Barja Pérez

O SECRETARIO

Xosé Manuel Carril Vázquez